

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 4 de xullo de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se autorizan e publican seis acordos adoptados pola comisión central de seguimento do pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Diario Oficial de Galicia número 104, do 1 de xuño de 2004) en reunións mantidas o 16 de novembro de 2005; o 27 de xaneiro e o 4 de abril de 2006.

De conformidade coas competencias previstas na norma 10.2º do pacto de selección temporal asinado o 24 de maio de 2004, por CC.OO.; UGT; CIG; CSI-CSIF e SAE con representación na mesa sectorial de negociación de persoal das institucións sanitarias, no seo da comisión central de seguimento do devandito pacto, adoptáronse os acordos que se recollen no anexo I desta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ANEXO I

Acordos da comisión central de seguimento do pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Sergas.

1º Novas convocatorias xerais de aspirantes.

O pacto de vinculacións temporais na disposición 6.2º establece, para o caso de prorrogar a súa vixencia, a realización dunha oferta de selección de aspirantes, a partir do último trimestre do ano 2005.

A publicación de todas as listaxes definitivas das categorías de aspirantes convocadas, rematou no mes de febreiro de 2006. Así as cousas, as listaxes de determinadas categorías non entraron en vigor ata este ano 2006, razón pola que non se materializou a convocatoria de selección temporal no período previsto.

As listaxes definitivas das categorías convocadas no mes de xuño de 2004, é dicir, médicos de familia, pediatras, matronas, ATS/DUE, técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, e odontólogos, publicáronse nos meses de maio e xuño de 2005, prevéndose a formalización da vindeira convocatoria no mes de maio de 2006.

2º Selección de vínculos temporais en urxencias extrahospitalarias.

Os vínculos que xurdan dos PAC deberán cubrirse cos aspirantes dispoñibles nas listas de longa duración de urxencias extrahospitalarias, de acordo co establecido nas instrucións ditadas en desenvolvemento do novo modelo de atención primaria (DOG nº 103, do 31 de maio de 2005).

Os PAC que se foron cubrindo ao longo do ano 2005, despois da oferta formalizada no mes de xuño, e non ofertados especificamente antes da dita data,

convocaranse para vinculacións en PAC, con ocasión do exercicio da opción de voluntariedade nos ditos PAC pendentes, consonte se determine na correspondente convocatoria que se prevé para o mes de maio de 2006, unha vez sexan analizadas as opcións de voluntariedade na comisión de seguimento de urxencias extrahospitalarias.

3º Listas de curta duración de urxencias extrahospitalarias.

As listas de curta duración de urxencias extrahospitalarias non están incluídas na Instrución 2/2005, polo tanto non se lles aplicarán os criterios de rotación dos aspirantes, senón que se xestionarán pola súa orde de prelación para as vinculacións de curta duración de médicos de familia e diplomados en enfermaría que se produzan en atención primaria, sexan ou non en postos PAC.

4º Listas de ámbito autonómico.

As solicitudes de categorías de listas de ámbito autonómico son xestionadas pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, Subdirección de Xestión de Persoal e Subdirección de Políticas de Persoal.

As competencias atribuídas ás comisións provinciais de seguimento, en materia de xestión de listas, serán exercidas pola comisión central de seguimento no que atinxe a estas listas.

5º Listas compatibles.

Aos aspirantes das listas compatibles que optan a máis dunha categoría, deberán selles ofertar os vínculos de igual ou superior grupo de clasificación, independentemente de que o aspirante estea vinculado con outro vínculo de longa duración en categoría distinta á que se lle oferta. Este criterio é aplicable aos vínculos de longa duración, sempre que o manifestasen no prazo dun mes desde a publicación deste acordo.

A renuncia sen xustificar a un chamamento nunha categoría, penaliza só nesa categoría e non afecta os chamamentos do mesmo aspirante noutras categorías compatibles.

6º Promoción interna temporal.

A promoción interna temporal por área é excepcional, aplicándose ás categorías de médico de familia, persoal de servizos xerais, técnicos de prevención de riscos laborais e técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información. Nos restantes grupos A e B, a promoción interna mantense circunscrita ao ámbito de centro, tal como foi convocada e resolta.

Este acordo acadouse por maioría dos membros da comisión seguintes: UGT, CC.OO., SAE e CIG.

Así mesmo por maioría, acordouse que en cada publicación de listaxes definitivas non se reiniciará o cómputo do 50% a prol das listaxes de promoción interna, senón que o dito 50% de alternancia para as vinculacións a cubrir en cada centro debe aplicarse con continuidade, é dicir, respectando a orde seguida para o chamamento inmediatamente anterior feito no centro.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 21 de xuño de 2006 pola que se resolve a do 8 de xuño de 2006 pola que se convocan á elección de destino os aspirantes que superaron os procesos selectivos da categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) e 011 (limpador/a e outros) do grupo V, en execución de sentenza derivada da Orde do 31 de xullo de 2001.

Publicada a Orde do 8 de xuño de 2006, pola que se convocan á elección voluntaria de destino os aspirantes que superaron os procesos selectivos da categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) e 011 (limpador/a e outros) do grupo V, derivada da elección de destino convocada pola Orde do 31 de xullo de 2001, en execución de sentenza como consecuencia de demanda interposta polo sindicato Comisións Obreiras, e á vista das peticións realizadas polos interesados, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver definitivamente a convocatoria de elección de destino a que se refire a Orde do 8 de xuño de 2006 adxudicándolles aos traballadores que se relacionan no anexo os postos de traballo que se especifican nel.

Segundo.-As consellerías e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar procederán, no prazo de tres días, a cesar o persoal relacionado no anexo, que disporá, para tomar posesión, dun prazo de tres días se o destino do novo posto radica na mesma

localidade da residencia habitual do concursante, ou dun mes se radica en localidade distinta e supón un cambio efectivo de residencia debidamente xustificada do traballador/a.

Se na data do cesamento ou do inicio do cómputo do prazo de toma de posesión o persoal está gozando dun período de licenza, vacacións ou permiso, o cómputo comezará o día seguinte ao da reincorporación ao posto de traballo.

Terceiro.-De acordo coa Orde do 8 de xuño de 2006, os dereitos deste persoal tanto no referente á permanencia no posto como á antigüidade para poder participar nos futuros concursos de traslados que se convoquen serán regulados nas bases dos ditos concursos. Coa finalidade de non prexudicar os seus intereses en virtude desta execución de sentenza, retrotraeranse os seus efectos ao momento da toma de posesión derivada da Orde do 23 de xuño de 2003.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Grupo V-Categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros)

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CÓDIGO POSTO	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO DESTINO
34910051F	NIETO	FERNANDEZ	PURIFICACION	ASC994030232001128	SERVIZOS PERIFÉRICOS	RESIDENCIA DE MAIORES Nº Sª MIRAGRES (OURENSE) (CONS. FAMILIA)
33858489M	PARGA	FERNANDEZ	MARIA PURIFICACION	FAC994050127190014	SERVIZOS PERIFÉRICOS	GARDARÍA INFANTIL Nº S. PURIFICACIÓN
35557341P	GREGORES	GARRIDO	ASUNCION	EDC9910636560005	SERVIZOS PERIFÉRICOS	CEIP IGREXA VALADARES
76337649M	BOTANA	RICO	ANTONIO	FAC994010115080039	SERVIZOS PERIFÉRICOS	COMPLEXO XUVENIL AS MARIÑAS (BERGONDO)

Grupo V-Categoría 011 (limpador/a e outros)

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CÓDIGO POSTO	CENTRO DIRECTIVO	CENTRO DESTINO
35286721Y	RODRIGUEZ	LODEIRO	MANUELA	ASC991000027001390	SERVIZOS PERIFÉRICOS	DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO
76810573A	SANTAMARIA	SEIJAS	ISABEL	EDC994030236001011	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES VALLE INCLÁN (PONTEVEDRA)
35298747A	SANTAMARIA	SEIJAS	JUSTA	EDC994030236500010	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES DE SANXENXO
76899545B	SILVA	GONZALEZ	IRMA Mª	EDC994030536001007	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES GONZALO TORRENTE BALLESTER (PONTEVEDRA)
33243539Y	ARAUJO	CASAS	Mª CONCEPCION	EDC994030115110009	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES PRAIA DE BARRAÑA (BOIRO)
32658671M	ARMESTO	YAÑEZ	ANA ISABEL	EDC994020215350008	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES LEIXA (FERROL)
32448445E	BARBEITO	MARTINEZ	ANTON	EDC994060115001009	SERVIZOS PERIFÉRICOS	ESCOLA DE ARTE PABLO PICASSO (A CORUÑA)
32757417N	SAR	VAZQUEZ	MARIA ESTHER	ASC994030215001018	SERVIZOS PERIFÉRICOS	FOGAR DO MAIOR (A CORUÑA) (CONS. FAMILIA)
35288403D	TORREIRO	MOSTEIRO	CARMEN	EDC994020515001010	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES URBANO LUGRÍS (A CORUÑA)
33326464Q	FERNANDEZ Y	PEREZ	MARIA VIRGINIA	EDC994030727001016	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES MANUEL LEIRAS PULPEIRO (LUGO)
33283642C	IGLESIAS	LIMENS	MERCEDES	EDC994020415770015	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES MONTE DE CONXO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
32769158T	IGLESIA	CORRAL	GUILLERMO DE LA	EDC994030615001011	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES ELVIÑA (A CORUÑA)
32651120K	PENEDO	FEIJOO	XOSE AVELINO	EDC994020315350015	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES MARQUÉS DE SUANZES (FERROL)
32765524T	ESPIÑEIRA	RODRIGUEZ	JESUS	EDC994030415001011	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES MONELOS (A CORUÑA)